



Grupo Municipal  
**RIBEIRA**

Dona **M<sup>a</sup> Dominga Brión Sanmiguel**, con Documento de Identidade nº 33.257.400K, en nome propio e en representación do **Bloque Nacionalista Galego de Ribeira**, con enderezo a efectos de notificación en Rúa Amarella, 2, Portal 2, entrechán, Ribeira, CP15969, diante da apertura do prazo de exposición pública por parte de Portos de Galicia do “**Plano Director das Instalacións Náutico-Deportivas**” (en adiante PDIND), (DOG nº 87 de 7 de maio de 2008) e a respecto da actuación 3.21 prevista como ampliación do Clube Náutico de Ribeira, presenta ante este organismo as seguintes

## **ALEGACIONES:**

**1.- O PDIND conculca gravemente o art. 45 da Constitución Española que establece que:**

*1. Todos teñen o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo.*

*2. Os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.*

De feito, esta actuación supón unha privatización do uso dun espazo que na actualidade está sendo libremente utilizado pola cidadanía de Ribeira en xeral para paseo, baño, lecer ou deporte. A citada actuación poría fin definitivamente, cas actuacións que pretende, a este uso que segundo a Constitución todos temos o dereito de disfrutar e conservar.

A mesma Constitución Española establece que (Art. 132.2):

*“Son bens de dominio público estatal os que determine a lei e, en todo caso, a zona marítimo-terrestre, as praias, o mar territorial e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental.”*

Esta actuación detrae de facto do dominio público unha ampla zona do litoral de Ribeira que, como consecuencia, pasará a mans privadas, probablemente foráneas, ademais de destruír de xeito irreversible os recursos económicos que este espazo xera, nese caso si, na poboación local.

**2.- O PDIND contravén o estipulado na vixente Lei 22/1998 de Costas, no seu art. 2 que establece que:**

*- A actuación administrativa sobre o dominio público marítimo-terrestre perseguirá os seguintes fins:*

*- Determinar o dominio público marítimo-terrestre e asegurar o seu integridade e adecuada conservación, adoptando, no seu caso, as medidas de protección e restauración necesarias.*

*- Garantir o uso público do mar, da súa ribeira e do resto do dominio público marítimo-terrestre, sen máis excepcións que as derivadas de razóns de interese público debidamente xustificadas.*



*- Regular a utilización racional destes bens en termos acordes coa súa natureza, os seus fins e co respecto á paisaxe, ao medio ambiente e ao patrimonio histórico.*

*- Conseguir e manter un adecuado nivel de calidade das augas e da ribeira do mar.*

Resulta evidente **que a actuación 3.21 do Plano, non garante a integridade do dominio público** xa que racha (elimina) un treito da praia de Coroso: As Carolinas. As actuacións previstas provocarán, como o propio Plan recoñece, afectación na praia de Coroso por modificacións nas dinámicas das correntes mariñas e nos fluxos de sedimentos con efectos indeterminados pero claramente negativos tanto para a paisaxe como para a ecoloxía da zona. O propio Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA) que acompaña o Plano, recoñece moitas destas afectacións; no caso de Ribeira:

*“...debido á ocupación de fondos mariños e aos dragados que presentan impactos significativos tanto nas zonas de extracción como nas de vertedura ao eliminar hábitat e especies bentónicas por enterramento”* (pax..79 do ISA).

*“As afeccións á dinámica litoral refírense especialmente ao basculamento de praias próximas ás obras por variacións no punto de difracción da ondada, ou no peor dos casos á erosión das mesmas.”* (pax.79 do ISA)

*“Doutra banda a construción de novas infraestruturas pode ocupar bancos de marisqueo que actualmente estean sendo explotados.”* (pax..79 do ISA).

Para as que plantexa **“solucións”**:

*“No caso actividades que impliquen construción, debe minimizarse a ocupación de fondos, especialmente se neles atópanse especies de interese ecolóxico.”* (pax. 81)

*“A respecto da dinámica litoral non se tomarán medidas de carácter xeral, teranse en conta as medidas correctoras ou compensatorias específicas no caso de afeccións graves, como achega de area ás praias afectadas”* (pax. 81 do ISA)

*“No caso de non existir alternativa posible estudarase a posibilidade do traslado de instalacións afectadas polo proxecto, de acordo co que estableza respecto diso a Dirección Xeral de Recursos Mariños”.* (pax. 82 do ISA).

A confluencia de todas estas consideracións do ISA no caso da actuación prevista en Ribeira indica ás claras a non pertinencia da mesma.

### **3.- O PDIND é contrario ao interese xeral da poboación de Ribeira.**

Tal e como obriga a disposición mencionada no punto anterior, **esta actuación non está nin sequera minimamente xustificada en base a ningunha razón de “interese público” nin nacional (Galega) nin moito menos local (Ribeira)**. De feito, no Plano recóllese que a súa “necesidade” basease en enquisas realizadas no mundo da náutica en Salóns de París, Barcelona, entrevistas a concesionarios, axentes do sector, comercios náuticos, enquisas a concellos costeiros (que non se mencionan)... Para nada se ten en conta á poboación galega en xeral e, moito menos, á de Ribeira que deba ser fundamental á hora de valorar esta actuación xa que é a que vai soportar o seu evidente impacto.

A poboación local en xeral deba ser tida en conta pois é a que en maior medida disfruta, todos os días do ano, do uso dun paseo marítimo que discorre ó longo de 400 m de praia. A bon seguro que



non foi consultada de xeito significativo nesas 400 entrevistas nas que o PDIND di basearse. Neste grupo de poboación encontrease **TODOS E CADA UN DOS CIDADÁNS E CIDADÁS DE RIBEIRA**. Serán eles e elas quen teñan que pagar por un servizo que ate hoxe disfruta libremente. Serán eles e elas quen perdan tan importante patrimonio. Serán eles e elas polo tanto quen vexan conculcados os seus dereitos que a Constitución e leis derivadas recollen claramente.

O uso libre deste espazo, ademais, supón un importante atractivo tamén para a poboación visitante e resulta, polo tanto, un activo para a economía xeral da cidade.

A poboación dedicada a labores de pesca e marisqueo non é menos relevante. Na súa representación a Confraría de Pescadores de Ribeira e a Agrupación de Mariscadores presentan oposición á actuación prevista por destruír “un banco marisqueiro de grande produción de ameixa, navalla... e un banco natural de ostra autóctona (*Ostrea edulis*) dos poucos que quedan nas nosas costas” e que cómpre recuperar, non destruír para sempre. A mesma asociación de mariscadores se amosa preocupada pola **destrución de postos de traballo directos**, de calidade e non suxeitos a estacionalidade (contrariamente ás actividades que o PDIND promove). Estes postos de traballo, que dan sustento **a máis de 250 familias**, teñen ademais unha gran influencia na economía local e no noso **xeito de vida tradicional**. Son tamén excelentes indicadores da calidade do noso medio ambiente e dos produtos locais.

Máis alá de cuestións laborais ou de lecer citadas anteriormente, O PDIND non recolle, de xeito fraudulento, os ingresos económicos xerados directamente polo banco de Coroso, de incerta viabilidade futura de ir adiante a actuación prevista en Ribeira. Son estes ingresos (reais) os que habería que contraponer aos ingresos (hipotéticos) que se agardan da actuación prevista.

Para valorar a opinión da cidadanía de Ribeira á hora de promover actuacións náuticas, hai que ter en conta que desde a propia Xunta Directiva do Clube Náutico de Ribeira se ten manifestado interese exclusivamente en aumentar o número de amarres nunhas decenas ademais de mellorar o abrigo de ventos e correntes do nordeste, por exemplo, mediante un pantalán flotante. Estas demandas son coñecidas polas autoridades de Portos de Galiza. Se nalgún momento a Dirección do Náutico de Ribeira manifestase interese na actuación 321 do Plan tal e como se presenta no mesmo, sería só en consideración da posible aprobación e, polo tanto, posta en marcha do mesmo, non podendo considerarse, en consecuencia, este interese “a posteriori” como xustificación “a priori” para elaboración do PDIND. Mais ben ao contrario: as demandas iniciais do sector social teoricamente mais interesado confirman a escasa necesidade da actuación prevista neste Plan para Ribeira.

#### **4.- O PDINP é contradictorio coas políticas aplicadas polas Consellerías de Medio Ambiente no contorno da actuación:**

Tense referido en multitude de ocasións o Conselleiro de Medio Ambiente á necesidade de depuración das augas residuais do Concello de Ribeira diante do perigo de que “determinadas zonas marisqueiras se convertan en zonas “C”. Unha desas zonas marisqueiras é precisamente a que sofre agora a actuación 321 do Plan. Non se entende como se pode promover a mellora das condicións das augas aptas para marisqueo, mediante depuración, e, ao mesmo tempo, a súa paralela destrución, aínda que sexa parcial tal e como se promove co presente Plan ca actuación prevista no concello de Ribeira.



## **5.- O PDIND contradí claramente as actuacións da Consellería de Política territorial e da Demarcación de Costas.**

Nos últimos tempos, no Concello de Ribeira téñense plantexado varios conflitos entre a cidadanía e a administración autonómica así como estatal. As poboacións costeiras de Os Areeiros, na parroquia de Castiñeiras e Palmeira, teñen limitadas as súas posibilidades de expansión dos núcleos urbanos, coas coñecidas limitacións constructivas por aplicación da Lei de Costas. Semella a todas luces discriminatorio que a moi pouca distancia destes núcleos afectados por leis de protección do dominio público marítimo terrestre, a mesma administración pretenda levar a cabo unha actuación de ocupación de dominio e afectación ao medio tan elevada.

## **6.- O PDIND é incompatible ca sustentabilidade da ría.**

É sobradamente coñecido que a dinámica das rías galegas, en concreto da de Arousa, é enormemente complexa e delicada. Tamén resultan evidentes os procesos de superpoboación e sobreexplotación a que están sometidas co conseguinte deterioro tanto das condicións de calidade biolóxica como de produtividade. Non é de recibo que mentres se intenta regular e limitar as actividades extractivas (pesca, marisqueo, cultivos...) se promovan actuacións claramente agresivas e destructivas en tantos puntos da ría como Ribeira, Pobra, Escarabote, Cabo de Cruz, Rianxo, Vilagarcía, O Grove, Cambados ... A promoción dos deportes náuticos que o Plan di pretender, podería acadarse cun plan de **optimización e racionalización dos recursos actuais**. No propio PDIND fálase de *“demanda mundial de puntos de amarre”* así como de *“acadar ratios de 1,66 barcos por amarre”*. Pois ben, pensamos que é un despropósito irracional pensar en contribuír a satisfacer a demanda mundial de amares a costa de sacrificar unha ría galega como tamén o é o establecemento de ratios barco/amarre moi superiores aos existentes ao logo das costas da península ibérica e, moito máis aínda aos dos demais países de Europa tradicionalmente respectuosos co seu medio natural (Francia 9 iates por amarre).

Por todo o exposto,

## **SOLICITA**

**Que se retire do Plan Director de Infraestructuras Náutico-Deportivas a actuación 3.21 referente á ampliación do Clube Náutico de Ribeira substituíndoa, en todo caso, por unha actuación máis racional, sustentábel e acordada con todos os sectores sociais afectados.**

Ribeira a 16 de xullo de 2008

Asdo.: Mª Dominga Brión Sanmiguel

**SR. PRESIDENTE DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA.  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL DA XUNTA DE GALIZA.**